

A MORFOLOXÍA URBANA

A morfoloxía é o aspecto externo que presenta a cidade. Está influenciada por factores como:



a) **Localización ou emprazamento:** é o espazo concreto sobre o que se asenta a cidade. Depende do medio físico e, sobre todo, da función para a que se creou a cidade.

b) **A situación** é a posición relativa da cidade con respecto a outros lugares. Está en relación coa función que exerce cara ao seu contorno xeográfico (control militar e político, control dunha ruta comercial...)

c) **O plano** é o conxunto formado polas superficies construídas e libres da cidade: edificios, rúas, prazas... Pode ser de varios tipos.

d) **A construción** inclúe a trama urbana e a edificación.

A **trama** é a disposición dos edificios: Pode ser compacta ou pechada, se se dispoñen uns pegados a outros ou aberta, se os edificios deixan espazos libres entre eles.

A **edificación** pode ser colectiva e en altura (bloques ou torres) ou individual (vivendas exentas ou acaroadas).



e) **Os usos do solo** son as diferentes utilizacións do espazo urbano: comercial e de negocios, residencial, industrial, de equipamentos...



Plano irregular

Presenta rúas estreitas e tortuosas e prazas sen formas definidas. Xeralmente se corresponde coa parte antiga das cidades, a cidade preindustrial. En ocasións todavía é posible ver o trazado das antigas murallas, que delimitaban un espazo interior que se aproveitaba ao máximo, polo que o crecemento tiña lugar sen planificación. Moitas son as cidades españolas que manteñen todavía o perímetro amurallado: Lugo, Cáceres, Ávila, Toledo...

Toledo



Plano radiocéntrico ou radial

Ten un centro de onde parten rúas radiais, que se alonxan do centro, cortadas por outras que forman aneis en torno a ese centro. Pode ser regular ou irregular. Moitas veces o punto central desa cidade ven marcado pola presenza dalgún edificio ou monumento histórico (catedral, castelo, gran praza de mercado...). Tarragona ou Vitoria son claros exemplos deste tipo de plano urbano.



Vitoria




Plano ortogonal, en cuadrícula ou dameiro

Formado por rúas que se cortan perpendicularmente entre sí, o que provoca que os quinteiros de vivendas sexan cadrados ou rectangulares e os edificios teñan unha disposición ordeada, esa forma en dameiro facilita a parcelación dos terreos e o trazado de rúas anchas, aireadas e soleadas. Este tipo de plano tivo gran éxito no s.XIX e no s.XX, no momento no que en moitas cidades se derrubaron as murallas e se trazaron os ensanches burgueses. O Ensanche de Barcelona, de Ildefonso Cerdá é o exemplo máis representativo deste tipo de plano urbano, que tamén teñen Madrid, Santander, Castellón, Málaga,...




Barcelona

Madrid




Plano lineal ou axial

Ten forma alongada, a aglomeración urbana medra en torno a un eixo principal, que soe ser unha vía de comunicación, un río... e os elementos urbanos se estenden a ambos lados dese eixo.




Santo Domingo da Calzada, A Rioxa





*Alba de Tormes,
Salamanca*



Betanzos, A Coruña

Tarragona



Rectorat

Pretori Romà

RUTES PER TARRAGONA
 RUTES PER TARRAGONA

- 1 MUSEU TARRACONENSE I CONJUNT PALACIOPALAU DE LA CIUTAT ANTICAFORUM ROMANAFORUM
- 2 PALAU DE LA CIUTAT ANTICAFORUM ROMANAFORUM
- 3 PLACA DE REPRESENTACIÓ DELS TARRACONENSES
- 4 PLACA DE REPRESENTACIÓ DEL PLEBIS TARRACONENSE
- 5 CARRER DE LA CIUTAT ANTICAFORUM ROMANAFORUM
- 6 AMFITEATRE TARRACONENSE
- 7 MUSEU NACIONAL ARQUEOLÒGIC MUSEU NACIONAL ARQUEOLÒGIC
- 8 PORT DE TARRAGONA

FORA DE LA CIUTAT
 FORA DE LA CIUTAT

- 9 RECTORAT
- 10 MUSEU DE LA CIUTAT ANTICAFORUM ROMANAFORUM
- 11 PLACA DE REPRESENTACIÓ DELS TARRACONENSES
- 12 PLACA DE REPRESENTACIÓ DEL PLEBIS TARRACONENSE
- 13 AMFITEATRE TARRACONENSE
- 14 MUSEU NACIONAL ARQUEOLÒGIC MUSEU NACIONAL ARQUEOLÒGIC
- 15 PORT DE TARRAGONA

Servei Municipal d'Informació
 0100 Tarragona - Espanya
 Tel. 977 22 22 22
 Fax 977 22 22 22
 www.tarragona.cat